# acuario

MARÍA CANOSA E TEATRO GHAZAFELHOS



Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS
PARA A INFANCIA E A XUVENTUDE

# Acuario

**"Acuario" é teatro baseado no libro de poemas de María Canosa que leva o mesmo título. O seu obxectivo é que a xente miúda da casa se achegue á poesía en lingua galega á vez que aprende os nomes dos peixes e descobre a riqueza biolóxica (e gastronómica) do noso litoral.**

Todo isto faise dun xeito ameno e divertido grazas á presenza dos vistosos monicreques, dos actores que lle imprimen o humor e dinamismo á actividade, da música e dunha escenografía a "mar de atractiva".



Acuario é un conxunto de versos doados e musicais que en ningún momento esquecen o seu propósito didáctico: amosar a maxia do noso patrimonio lingüístico... e mariño

**Os xeniais Ghazafelhos unha vez máis serán quen, de que o mar, e os seus habitantes se acheguen a nos co humor delirante ó que nos teñen acostumadas.**

.

Teatro dos Ghazafelhos

É unha compañía nada na comarca de Ferrolterra no ano 2006 e creada por Montse Piñón e Pepablo Patinho.



Centrándose no traballo de títeres, animación e teatro actoral especialízanse na realización de obras teatrais para público familiar. Na su andaina como compañía realizan contacontos, mímica, títeres,...e talleres de teatro para grupos infantís e de adultos. Adoptando ideas como as de Michael Ende en Momo de “escoitar aos demais...”ou Antoine Saint Exupéry, “O esencial é invisible aos ollos....”e intentando contar historias sinxelas e profundas como Charles Chaplin,

Ghazafelhos soña con evocar nas súas historias ás grandes xenialidades que entenderon o mais efímero da vida: a infancia

## Repertorio Ghazafelhos:

Frankenstein| Iriña bailarina | Contos para escagarriñarse | Nana para un Soldado | Bon Appetit| ...3,2,1

# Acuario

## É unha obra para todos os públicos adaptada para interior e rúa.



## Ficha Artística:

**Autora:** María Canosa
**Dirección:** Pepablo Patinho
**Vestiario:** Ghazafelhos
**Efectos Sonoros e musicais:** Jorge Casas
**Escenografía e atrezzos:** Ghazafelhos
**Elenco:** María Canosa, Montse Piñón, Jorge Casas, Pepablo Patinho

## Ficha técnica:

**Ancho:** 7m
**Alto:** 3m
**Fondo:**4m
**Son:** 1000W (por conta da compañía)
**Iluminación:** 1500V
**Duración:** 50m.
**Montaxe:** 1,5h
**Desmontaxe:**1h
**Público Familiar**





